

ACTA NÚMERO 2
ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**727/2023_ ABERTO SIMPLIFICADO - PASS_PAVIMENTACION VIAL EN
BRAÑO (O FREIXO)**

Data e hora de celebración

Dous de maio de 2024, 13:30 horas

Lugar de celebración

Sala de reunión da Casa do Concello de Outes

No lugar e data sinalados, constitúese a Mesa de Contratación deste procedemento de licitación, cos seguintes **Asistentes:**

PRESIDENTA: Da. Sofía Pérez Figueira

VOGAIS:

- Da. Clara Ortega Fernández, secretaria da Corporación
- Da. Manuel Barcia Vázquez; interventora do Concello.
- Da. Berta Buján Casanova, coordinadora dos servizos sociais do Concello

SECRETARIO: D. Andrés Busto Allo

Os actos de “apertura e valoración de los criterios evaluables automáticamente”, e os actos de “propuesta de adjudicación” das licitacións que a continuación se explicitan, celébranse no lugar na sesión debidamente convocada por medio da Plataforma de Contratación del Sector Público “PLACE” (**data 09.04.2024**), suspendida e reiniciada debidamente, debido á complexidade do procedemento.



DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

A mesa de contratación procede a:

1º.- Comprobar a xustificación da oferta anormalmente baixa dos licitadores SYR-AMG S.L. e Vias e Servizos Compostela S.L

En cumprimento do acordado pola Mesa de Contratación, cursouse con data 10.04.2024, requirimento aos anteditos licitadores, para que xustificaran a oferta anormalmente baixa presentada.

Con data 16.04.2024 (rexistros de entrada n.º: 2024-RE-518 e 2024-RE-524), os licitadores SYR-AMG e Vias e Servizos Compostela presentan a xustificación da oferta anormalmente baixa, a cal é remitida aos servizos técnicos do Órgano de Contratación para que procedese á elaboración do informe sobre a viabilidade de dita oferta.

Con data 18.04.2024, os anteditos servizos técnicos presentan o informe solicitado, asinado por D. Ignacio José Alonso Díaz, Ingeniero Técnico, colegiado nº 2095, Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais, pertencente á empresa Estudio Técnico Gallego S.A., o cal, no seu apartado de conclusións indica o que segue:

“Analizada la documentación aportada por los licitadores justificando la oferta presentada incurra en valores anormales o desproporcionados detectada en el procedimiento de adjudicación de la obra denominada “PAVIMENTACIÓN VIAL EN BRAÑO (O FREIXO)”, se comprueba que las empresas SYR-AMG S.L. y VIAS E SERVICIOS COMPOSTELA S.L. no aportan toda la documentación específica requerida en el Pliego, por lo que se considera que no realizan una correcta justificación y se propone su no continuidad en el procedimiento de licitación. “

Polo tanto, a Mesa de Contratación por unanimidade, Acorda inadmitir as ofertas dos licitadores SYR-AMG S.L. e Vias e Servizos Compostela S.L.

2º.- Comprobar que as ofertas dos licitadores se adapten ao ANEXO II: Modelo de Proposición.

Da comprobación do citado Anexo II dos licitadores admitidos resulta que a proposición do licitador Construcciones D. Ogando S.L. non se adapta a dito modelo no apartado 5.2

O modelo de proposición de oferta (Anexo II) do prego de cláusulas administrativas particulares (en adiante PCAP), no apartado 5.2 recolle o seguinte contido literal:



*“5.2.- O número particular de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal **nos últimos 12 meses anteriores á data publicación do anuncio de licitación na plataforma** é de ___ persoas, o que representa un ___ % sobre o número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) de persoal.*

A oferta presentada por Construcciones D. Ogando S.L., en dito apartado 5.2 contén o que segue:

*“5.2.- O número particular de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal **nos últimos 12 meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de ofertas***

Os PCAP establecen na cláusula 15.2 o que segue:

“15.2 Rexeitamento de proposicións.

*Se algunha proposición fose presentada fóra de prazo ou en formato papel ou non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, **varíase substancialmente o modelo establecido**, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.”*

Polo tanto, á vista do exposto, a Mesa de Contratación por unanimidade, Acorda declarar rexeitada a oferta presentada polo licitador Construcciones D. Ogando S.L., por variar substancialmente o modelo de oferta establecido.

3º.- Valorar a oferta económica (factor prezo) dos licitadores admitidos consonte aos criterios de adxudicación.

Visto que resultaron excluídos da licitación os licitadores Syr-Amg S.L. e Vias e Servizos Compostela S.L por non xustificar axeitadamente as súas respetivas ofertas anormalmente baixas e tamén o licitador Construcciones D. Ogando S.L., por variar substancialmente o modelo de oferta, a Mesa de Contratación procede a valorar o factor prezo das ofertas presentada, de acordo coa fórmula elaborada, a pedimento da Deputación provincial da Coruña , pola Facultade de Matemáticas da USC e cuxa desagregación, a explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no anexo VIII e na seguinte ligazón: <https://www.dacoruna.gal/valoracion/>; co seguinte resultado:

Contrato/concurso: PAVIMENTACIÓN VIAL EN BRAÑO (O FREIXO)
Prezo de licitación: 59.516,84 €
Límite oferta temeraria: 57.590,78 €



Nº	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Val. económica	Temeraria
1	NEMESIO ORDOÑEZ S.A.	58.879,99	1,07	2,00	Non
2	CONST. Y OBRAS ANDÚJAR S.L.	58.326,50	2,00	3,73	Non
3	MANTIDO S.L.	58.058,68	2,45	4,57	Non
4	GR CONST. OBRAS Y SERVICIOS SLU	57.320,54	3,69	6,89	Sí
5	CONSTR. J. MAURI E HIJOS S.L.	57.380,18	3,59	6,70	Sí
6	OBRAS Y VIALES GALICIA S.L.	58.320,00	2,01	3,75	Non
7	CONSTR. TABOADA RAMOS SLU.	58.921,68	1,00	1,87	Non

Á vista das valoracións anteriores, a mesa de contratación, por unanimidade, **ACORDA:**

1º.- Requerir aos licitadores RG Construcciones Obras y Servicios e Construcciones J. Mauri e Hijos S.L., para que xustifiquen as ofertas anormalmente baixas presentadas, consonte os criterios recollidos na cláusula 15.4 dos pregos administrativos particulares que rixen este procedemento.

2º.- No caso de que os anteditos licitadores presenten a documentación requerida no apartado anterior, remítalas aos servizos técnicos para que procedan a informar a viabilidade da mesma.

A presidenta declara rematado este acto, ás 14:30 horas, no lugar e data sinalados no encabezamento, do que como secretario, dou fe.

A presidenta

Da. Sofía Pérez Figueira

O secretario

D. Andrés Busto Allo

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

